



**RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A CIRCULAR 1/2013 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE REGULAN PARA O CURSO 2012-2013 AS PROBAS DE CERTIFICACIÓN DAS ENSIANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL REGULADAS POLO DECRETO 191/2007, DO 20 DE SETEMBRO E O DECRETO 239/2008, DO 25 DE SETEMBRO, ASÍ COMO A PROBA LIBRE DE CERTIFICACIÓN DO NIVEL C1 DE INGLÉS REGULADA POLA ORDE DE 8 DE OUTUBRO DE 2012.**

*A Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 20 de maio) establece no seu artigo 1 que o programa CUALE ten o fin de preparar ao alumnado dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polo Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro, e polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro (DOG do 9 de outubro).*

Tendo en conta as especiais características do programa CUALE dentro do Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras, e co obxecto de facilitar que o alumnado procedente dos cursos CUALE poida acadar a certificación dos niveis cursados, que constitúe o obxectivo de dito programa, esta Dirección Xeral RESOLVE modificar a *Circular 1/2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa* pola que se regulan para o curso 2012-2013 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro e o Decreto 239/2008, do 25 de setembro, así como a proba libre de certificación do nivel C1 de inglés regulada pola Orde de 8 de outubro de 2012 coa inclusión do punto seguinte:

**“2.5. Alumnado procedente do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (CUALE)**

2.5.1. O alumnado procedente dos cursos CUALE establecidos na *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia* que desexe certificar o



nivel do curso que estea a cursar, deberá formalizar a matrícula seguindo o procedemento recollido nesta circular.

2.5.2. O alumnado procedente dos cursos CUALE 2012-2013 que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial a efectos do número de convocatorias, polo que disporá das convocatorias ordinaria e extraordinaria para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE.

2.5.3. Os centros onde teñen lugar os cursos CUALE enviarán á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa as listaxes por idioma e nivel correspondentes ao alumnado de cada curso. Á súa vez, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitará a cada escola oficial de idiomas as listaxes de alumnado CUALE correspondentes á escola e seccións, se é o caso, para que as escolas oficiais de idiomas inclúan este alumnado nos chamamentos que correspondan da convocatoria extraordinaria.”

O que lle comunico para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2013.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López